



IDENTIDADE NACIONAL NUN MUNDO GLOBAL

Galicia como proxecto con futuro?

Master de Filosofía: Cuestión Actuais. USC. 18 de maio de 2011

Xoán Hermida González

IDENTIDADE NACIONAL NUN MUNDO GLOBAL

Galicia como proxecto con futuro?

Master de Filosofía: Cuestión Actuais. USC. 18 de maio de 2011

por Xoán Hermida González

A raíz do proceso de globalización ten aparecido de forma renovada a idea 'romántica' do universalismo, o cidadán do mundo ou o apatrismo como forma superadora de comprenderse fronte aos defensores das patrias, do patriotismo, do nacionalismo.

Esta óptica ten o seu reverso que podería definirse como a necesidade da diversidade fronte ao monoculturalismo ou a homoxeneización cultural que non deixaría de ser un novo neocolonialismo cultural.

I. A IDENTIDADE COMO OPERADOR POLÍTICO

Seguindo nunha interpretación libre os plantexamentos expresados en conferencia por **Marcial Gondar**¹ poderíamos afirmar que "A identidade ou identificación propia ou colectiva é un elemento de coñecemento propio e de valorización individual".

Catro son as dicotomías centrais das formas de entender a identidade, expostas por Marcial Gondar nesa conferencia aínda que tomeime a liberdade de modificala nos seus epígrafes e parte dos seus contidos, e de como se resolvan esa dicotomías vaise construír unha identidade que eu chamarei cívica ou outra que denominarei populista.

- 1ª dicotomía: a identidade como realidade aberta ou como realidade pechada

A identidade pode construírse de forma aberta ou pechada de xeito de que lonxe de ser un problema de relación con outros pode ser un medio de relación desde a identidade de cada quen. O grao de apertura dunha realidade nacional pode estar na propia identificación da nacionalidade dos seus membros Nun extremo estaría a realidade muralla, onde son membros desa realidade os que cumpren unha serie de requisitos culturais, relixiosos, de orixe, de integración, ... [idea de '**Europa fortaleza**' agravada pola directiva de retorno ou reforma do '**acordo Schengen**'] ou pola contra pode estar unha construción nacional ou rexional aberta [segundo os plantexamentos do nacionalismo cívico catalán da transición² 'son galegos e galegas todas aquelas persoas que viven (factor de residencia) e traballan (factor de aportación social) en Galicia'].

- 2ª dicotomía: a identidade como Circulo ou a identidade como Circunferencia

A identidade pode mostrarse como circulo [superficie] expresando todo o seu contido interior que interesa cultivar ou pode ser como unha circunferencia [liña curva] que non encerra e nos separa de outros. No primeiro caso o que interesa é o contido interior, os elementos a cultivar, a cultura, o patrimonio, a riqueza lingüística, a riqueza paisaxística, etnográfica, ... aquilo que vertebra unha realidade en positivo, non fronte a outros senón diante de nos mesmos. Pola contra a circunferencia é a liña divisoria, a busca dos elementos diferenciadores como elementos de 'superioridade', para botarllos a cara aos outros, aos diferentes.

¹ Marcial Gondar Potosy. Conferencia no Ciclo O discurso nacionalista: pensamento e identidade en Galicia. Master Filosofía. Cuestións actuais 2010/11

² Definición elaborada polo PSUC e asumida pola oposición catalana durante a transición

- 3ª dicotomía: a identidade como estratexia ou a identidade como táctica

A identidade positiva convertese nunha estratexia ou conxunto de estratexias de autoidentificación para andar polo mundo namentres que existe unha visión tacticista da identidade que tería moito que ver cun 'hombliguismo endogámico'.

Vivimos nun mundo de migracións masivas, fundamentalmente por razóns socio-económicas. Normalmente o fluxo soe ser de países pobres a países ricos (vémolo agora do Sur ao Norte pero hai anos podiamos velo de países mediterráneos a países centroeuropeos ou anteriormente en casos coma o noso cara aos novos polos de desenvolvemento no outro lado do Atlántico). A capacidade de integración ou non está en saber utilizar estas estratexias de integración para que sen renunciar a túa cultura ou identidade non se constrúa unha posición pechada que impida aproveitar os recursos culturais dos novos lugares. A identidade permite as persoas conformar clan con outros da súa comunidade, rexión, nación,... como estratexia de apoio mutuo necesario fronte a unha situación descoñecida sen caer nun identitismo sectario e paralizante.

- 4ª dicotomía: a identidade como proxecto ou identidade como tradición

A identidade pode estar virada cara ao futuro, como proxecto, ou pode estar atrapada polo pasado, como tradición a destacar. Nun caso ou noutro os resultados van a ser diferentes con respecto a identidade propia e con respecto a relación con outros.

Os nacionalismos configurados no auxe nacional do século XIX, ligados aos ascensos da burguesía ao poder político necesitaban nunha primeira etapa de construción dunha identidade propia [unha tradición] por elo construíase un repertorio identitario no histórico, antropolóxico, etnográfico, cultural a pesar de que unha boa parte das veces esas identidades patrimonializadoras carecían de rigor científico.

Esta necesidade inicial vai perdendo lóxica co paso do tempo para comezar a plantexarse a identidade como un factor de futuro, de proxecto en común. A construción da identidade que nun primeiro momento necesita de historiadores, etnógrafos, xeógrafos ou antropólogos, comeza a necesitar de economistas, lexisladores, empresarios,...

Estamos pois diante dunha especie de '**trastorno bipolar**' da identidade e en función de como se resolan esas catro principais dicotomías imos ter unha determinada construción da identidade:

A combinación de realidade **pechada-circunferencial-tacticista-tradicional** vai construír unha identidade **dogmatica-excluinte-identitaria-populista**.

A combinación da realidade **aberta-circular-estratéxica-proxectista** vai construír unha realidade **científica-integradora-colaboradora-cívica**.

En todo caso son as definición populista e cívica as que encerran en si tódalas dimensións da identidade ligada ás realidades nacionais.

II. RELACIONES DE SUBORDINACION E/OU RELACIONES DE XUSTAPOSICION³

Pero antes de abordar a cuestións da identidade quixera determe en definir o que eu entendo son dous tipos de relacións (de subordinación e de xustaposición) que se interrelacionan a diario de forma dialectica.

³ Xoán Hermida González. Notas sobre liberación nacional e socialismo. **Simposium Ezkerra Iraulka [a esquerda en ebullición]**. Donosti 6,7 e 8 Decembro 1991

Poderíamos pensar se escoitamos ese bonito discurso universalista que a forza das identidades se debilita progresivamente. Nada máis lonxe desa imaxe. A importancia da identidade na construción política e social é enorme, tanto a nivel interno coma rexional.

Se nos fixamos a pesar de que existen aspectos sociais e económicos internos de cada realidade nacional que fan que os intereses de clase ou grupo sexan diferentes [o que o marxismo definiu como 'loita de clases'] ou que estes mesmos intereses de grupos ou particulares se estruturen arredor de lobys ou que a estrutura política se vertebre arredor de partidos como instrumentos de intermediación entre os sectores da sociedade civil que representan [de parte], a realidade é que hai elementos de identificación que en momentos concretos son elementos de cohesión que trasladan a un segundo plano tódalas contradición sociais, económicas ou culturais internas.

Por outra banda as grandes axitacións que ten sufrido o mundo nas dúas últimas décadas están atravesadas por problemas de identidades que se utilizan por parte de multiplicidade de axentes en determinados momentos.

Resulta curioso pensar que o modelo soviético empezou a quebrar non pola falta de liberdades ou polas contradicións dunha economía excesivamente ríxida. Foron os conflitos intra-nacionais os que debilitaron o aparato de poder e en última instancia o fixeron saltar polos aires. Foi a demanda da reunificación en Alemaña a que serviu como elemento unificador das contradicións da teoría da 'soberanía limitada' nos países do leste con respecto a Unión Soviética, foi en última instancia os conflitos inter-étnicos, convenientemente azuzados, os que provocaron a primeira guerra en Europa despois da segunda guerra mundial.

Porque son os factores de identidade os que motivan o auxe de movementos nacionalista periféricos dentro de estados multiculturais ou porque o auxe de novos postulados fascistas e xenófobos se incrementan entre as poboacións autóctonas fronte ao auxe dos movementos migratorios.

Mesmo se observamos con detemento as revolucións democráticas árabes veremos que entre os motivos económicos e/ou políticos das mesmas hai un sentimento identitario que se reivindica e ademais lle permite aparecer como un proceso único e indivisible, superando fronteiras creadas artificialmente seguindo o proceso de reparto colonial.

Partamos para o análise situando o carácter dialéctico da historia da humanidade. Faise necesario recuperar unha visión da historia en constante movemento, con avances e mais con retrocesos, na que inflúen múltiples factores: económicos, sociais, políticos, culturais, psicolóxicos e sociolóxicos.

Ligado a esta primeira cuestión unha segunda. As contradicións internas das sociedades [volvemos ao concepto marxista de 'loita de clases'] provoca confrontacións non só económicas senón de diversas formas de entender o mundo e a saída as súas contradicións [problemas]: precariedade das liberdades, desigualdades sociais, degradación ecolóxica, raquitismo cultural, ...

Seguindo novamente a teoría marxista, as formas de organizar a produción xerán unha serie de relacións de produción que en momentos adecúanse ás mesmas e noutras entran en contradición coas mesmas por ter un desenvolvemento que require un novo estadio desta últimas. Lamentablemente con demasiada frecuencia se teñen restrinxido as relacións de produción precisamente a iso: a produción; ben no seu aspecto técnico [relacións traballador/maquina], ben o seu aspecto mais económico [relacións salario/traballo] deixando de lado aspectos que se dan nas relacións de produción de enfrontamento, nunha sociedade verticalizada como , unha sociedade de clases, arredor da política, a cultura, ó lecer, a lingua,...

Non debemos esquecer que o propio Marx fala de **relacións 'sociais' de produción**.

Relacións antagónicas cando se xeran entre clases con distintos intereses que van parellas, e na historia aparecen con posterioridade, a relacións de xustaposición que se dan entre unha comunidade de persoas [etnia, raza, tribo, pobo, nacionalidade ou nación].

Obviamente aínda existe unha terceira cuestión; a que xurde da relación entre o problema do estado [como aparato de control dunha clase/es sobre outra/as] e a hexemonía social [como forma de dominación social de unha clase/es sobre outra/as].

Temos, pois, en toda sociedade dous tipos de relacións que seguen unha traxectoria parella que se van influíndo de maneira recíproca. Relacións de tipo vertical que subordinan uns sectores ou clases sociais a outras [Relacións de Subordinación] e relacións de tipo horizontal que xustapoñen os distintos sectores da sociedade [Relacións de Xustaposición]. Así en cada momento imos ter relacións de xustaposición en función do desenvolvemento socio-económico, político, ideolóxico, cultural, ..., ou sexa, moi en relación con que tipo de modo de produción -mais alá de formación socio/económica- sexa o imperante en cada momento.

Así nos séculos XIV/XV se produce unha crise no modo de produción feudal, na Europa Occidental, que vai significar o ascenso dun capitalismo comercial, iso si, aínda subsidiario da produción agrícola. Este desenvolvemento no económico vai a significar no político o nacemento dos estados modernos [tal como os coñecemos ata hoxe] para facer fronte a tarefas institucionais/coercitivas que a partir de ese momento xa non son capaces de abordar os antigos señoríos.

E si iso, é no político, no nacional supón o nacemento das 'nacionalidades' como un desenvolvemento máis das relacións xustapostas, como unidades no territorial, cultural, lingüístico e de idiosincrasia. É neste marco no que hai que situar a unificación dos reinos de Castela/León e de Aragón, o xurdimento de Estado Español moderno e a posterior expansión comercial que en torno as "Indias" se xera.

Vai a ser a fins do século XVIII cando de novo en Europa Occidental vexamos un paso máis neste desenvolvemento. A expansión comercial dos séculos anteriores foi xerando o desenvolvemento de un capitalismo industrial que neste momento atopase na súa madurez. No político isto vai significar o asalto da burguesía ao poder, abríndose un período revolucionario que se pecha co ocaso do feudalismo e o trunfo do capitalismo.

É neste momento onde ao calor do económico e o político volve a dar un novo paso o nacional. A burguesía que neste momento asume o poder vai a xogar un papel integrador na necesidade de consolidar un mercado nacional único no que o xa creado aparato político de control [estado] adquira cobertura no socio-económico. As nacionalidades van a ir dando paso ás nacións.

Alí onde isto é así, os conceptos Estado e Nación van a coincidir no mesmo marco xeográfico; alí onde o desenvolvemento económico é insuficiente e a propia debilidade da burguesía industrial faise patente o resultado son estados plurinacionais con taras importantes no seu desenvolvemento económico e cunha inestabilidade política case permanente.

Este é o caso do Estado Español, con escaso desenvolvemento industrial e debilidade deste sector da burguesía, no que as ideas 'foráneas' xogaron un papel decisivo no cambio de réxime pero que obriga a unha fráxil política de alianzas complexa e quebradiza: burguesía industrial catalá e vasca con terratenentes laicos castellanos [que se aburguesan nese proceso pivotado fundamentalmente sobre a desamortización dos bens da nobreza clerical⁴]. Retraso económico e inestabilidade política que nos van a acompañar case ata os nosos días unido a grandes desigualdades económicas, sociais e culturais, nun estado cunha carencia importante de estruturación e cohesión política/administrativa [sen conciencia nacional] onde van a convivir, e non convivir, distintos pobos, nacionalidades e nacións.

⁴ O caso de Galicia, tal como apunta **Ramón Villares** na súa obra 'foros, frades e fidalgos' é diferente debido a existencia de intermediarios – fidalgos – entre a igrexa e os labregos, que vai retrasar o tránsito do feudalismo ao capitalismo ata a loita pola redención dos foros que remata durante a ditadura de primo de Rivera (decreto-lei de 1926)

III. CONSTRUCCION DA IDENTIDADE NACIONAL EN GALICIA

O desenvolvemento da conciencia nacional dun pobo sempre está ligado, nun primeiro momento, ao desenvolvemento das forzas nacionalistas no político, que expresan dalgún xeito ese sentimento complexo e contradictorio de sentirse formar parte dun colectivo amplo e con conciencia de si.

Non lle sorprenderá a ninguén afirmar que o desenvolvemento da conciencia nacional galega e a súa expresión política teñen un atraso, non só temporal senón espacial, con respecto a este mesmo sentimento catalán ou vasco, ata o punto de poderse afirmar que este é un país con certo grao de desnormalización non só lingüística e cultural senón tamén política.

Intentar buscar as causas dese atraso non nos levaría moito tempo. Rápido se apuntarían desde actores económicos ata sociais sen esquecer, por suposto, os culturais ou antropolóxicos.

Pero con ser estes factores importantes non son a chave desta situación. Non debemos esquecer que cronoloxicamente coinciden no tempo o nacemento do rexionalismo decimonónico catalán e galego ou que a Xeración Nós e o Partido Galeguista xoga no primeiro cuarto de século o mesmo papel que outras correntes culturais e políticas que nese momento móvense en Catalunya ou en Euskadi.

A xeración NÓS: construción da identidade galega

A xeración NOS constitúese como grupo cultural, que comparte similitudes con membros do mesmo grupo e diferenzas cos demais grupos.

A relación dialéctica de Nós como grupo e outros grupos asenta a construción desas identidades culturais, e ademais a identidade xorde nesa contraposición con outras.

A etnicidade axuda á idea desa identidade cultural, defínense a si mesmos especiais [os inadaptados en definición de **Vicente Risco**] e diferentes en base a características culturais. A distinción pódese basear na linguaxe, a relixión, as crenzas, a experiencia histórica, no parentesco, a raza,...

"A identidade é fonte de sentido e experiencia para a xente". Proceso de construción de sentido atendendo a un atributo cultural ou a un conxunto de atributos culturais", tal como indica **Manuel Castells**.

Identidade como construción. A xeración Nós foron construtores da identidade.

Construción da identidade como unha construción social que nos leva a afirmar e reivindicarnos cun nós construción social e ideolóxica que implica unha relación complexa entre discurso e realidade.

Ten moitas claves de liberalidade da arbitrariedade: somos diferentes porque queremos ser diferentes. Querémonos diferenciarnos para algo, en relación para algo [compoñente político], queremos ser un grupo como proxecto.

Pola vontade búscanse os elementos comúns, non se nega que os haxa, pero é unha vontade.

As identidades son 'construtor' sociais pero, como se constrúen. Historia, xeografía, bioloxía, industria, memoria colectiva e fantasías persoais, relixión, ... segundo as determinacións sociais enmarcadas no seu espazo socio-cultural e temporal.

Dentro de unha mesma identidade hai diferentes realidades, hai versións distintas, símbolos que todos respectan; sentimento de identidade que se xera nun contexto social ["Propostas de identificación"].

O grupo de identidade necesita discursos, místicas é propostas políticas. As identidades proponen grupos con poder [políticos, intelectuais,..], onde as persoas poden verse ou non reflectidas na proposta e aceptala ou non.

Propostas o máis abertas posibles para favorecer o sentimento de identidade común.

A xeración Nos, xogou ese papel. Era un grupo minoritario, 'elitista' e de vangarda, estaba en conexión coas tendencias máis actuais das artes e do pensamento [probab diso son a tradución ao galego, antes que a outros idiomas, de obras literarias

innovadoras do momento como o 'Ulises' de Joyce, o vangardismo artístico de Castelao ou a presenza internacional do violinista Manuel Quiroga].

Entre o modelo vasco e o catalán

Hai un feito histórico de primeira magnitude no que atoparemos a cuestión clave: o golpe de estado de xullo do trinta e seis que impide un desenvolvemento autonómico e estatutario propio do mesmo xeito que no caso vasco e catalán.

Este 'complexo de inferioridade' terá a súa expresión nas postremeiras do franquismo e nos primeiros anos da transición na escasa galeguidade que as forzas estatais tiñan ou no anémico que hexemonicamente se presentaba o nacionalismo. Esta raquílica conciencia nacional levará a saídas contrapostas coma o 'Piñeirismo', unha especie de loxia encargada de galeguizar todo o que atopara por diante, ou no 'upeguismo' mestura de populismo e stalinismo, encargado de substituír a un pobo 'inmaduro' e descoñecedor do seu destino.

O resultado de ambas 'correntes filosóficas' a finais dos anos setenta deixa moito que desexar, os tempos políticos corren, a transición toca ao seu fin e hai que buscar unha saída que permita ó nacionalismo xogar un papel importante no futuro do país.

Así o PPdeG se achega a ese proxecto "nacionalista" moderado desde o españolismo máis recalitrante acuñado cando era AP; namentres que o BNG chega a ese mesmo punto desde o esquerdismo nacional-popular do que fora o BNPG (UPG-ANPG).

As dúas forzas tratan de cubrir o espazo nacionalista centrista noutrora intentado levantar polo proxecto CoaGa de Don Euloxio pero que non foi máis alá da provincia de Ourense onde no reparto territorial da vella UCD movíase ás súas anchas.

A identidade política galega constrúese seguindo o modelo vasco ou o catalán.

O PP ten seguido durante os últimos anos [antes da era Feijóo] o modelo do nacionalismo catalán, fundamentalmente pragmático, polo tanto intervencionista na política de estado aproveitando os resortes que o estado ofrece e aposta polo proxecto economicista e empresarial da Europa rexional - Eixo Atlántico/Países Cataláns.

O BNG ten seguido o modelo do nacionalismo vasco, mais ideoloxicista e nun pulso permanente co Estado no terreo político e con mecanismos de vertebración de sectores sociais interclasistas.

IV. NACIONALISMO CIVICO VERSUS NACIONALISMO POPULAR

En xullo de 2010 producíronse dous acontecementos identitarios de primeiro orde e de signo contrario: as mobilizacións en diversas cidades españolas celebrando o primeiro triunfo mundial da selección española e a mobilización máis importante desde a transición en Barcelona en protesta contra a sentenza do constitucional contra o 'estatut de Catalunya'.

Cunha separación de menos de 24 horas asistiamos no territorio do que hoxe configura o Estado Español a dúas mobilizacións importantes de nacionalismo.

O primeiro, que poderíamos denominar nacionalismo cívico, producíase o sábado 10 de xullo polas rúas de Barcelona, onde máis de un millón de cataláns saían en manifestación para amosar o seu rexeitamento á sentenza sobre o 'Estatut' e a reivindicarse como nación.

Entre as declaracións que máis me chamaron a atención desa xornada non foron a dos portavoces políticos senón algunha de cidadáns que a título persoal respondían ás preguntas dos xornalistas.

En concreto unha pareceume moi significativa que dicía algo mais ou menos literal como isto: "nos apostabamos polo federalismo, pero os españois non nos queren. Non queren a nosa cultura nin a noso xeito de ser así que non nos queda outra saída que a independencia".

Algo máis de 24 horas despois de que esta marea humana percorrera as rúas de Barcelona, unha marea ‘vermella’ [non pola súa ideoloxía] percorría as rúas e prazas de todo o estado con moita intensidade, tamén en Euskadi, Galicia e Catalunya.

Tratábase dunha mobilización de nacionalismo chamémoslle ‘popular’ ao calor dun espectáculo que levanta paixóns e motivado, e isto non é un dato menor, pola conquista dun mundial de fútbol.

Antes do campionato do mundial puideron ler con curiosidade no sempre interesante blog de economía ‘**a furada do trasno**’ ao calor da crise un titular que me chamou a atención ‘en mans da roja’.

Ao marxe dos efectos na economía que ao final non foron os esperados, nin na política que non serviu para a recuperación esperada polo partido gobernamental, tivo un efecto no térreno identitario: o españolismo deu un paso importante na area emocional da xente. Non obstante hai un dato curioso nas dúas mobilizacións dese fin de semana de xullo: a columna vertebral da selección española era a do equipo de Catalunya [o Barça], co cal aqueles españolistas mais ideolóxicos ían ter algunha contradición entre o anticatalanismo que foron incubando nos últimos anos e a veneración actual cara a máis de un futbolista catalán [e catalanista]. Non é menos curioso que isto se dera no momento de maior desafección de Catalunya cara a España e viceversa.

Cometeríamos un dobre erro, primeiro se pensáramos que a mobilización polo trunfo da selección española esta baseada nunha panda de ‘fachas’ ou ‘españolistas’ e segundo se pensáramos que ao nacionalismo populista se combate con outro nacionalismo populista. Non creo que a construción nacional [de Galicia ou de calquera outra nación] se fortaleza no odio do outro ou desexando a súa derrota [sobre todo se en termos futbolísticos, coma este caso, a vitoria é merecida].

No século XXI debese construír un nacionalismo cívico, das persoas e da cidadanía.

Esa é a grande lección do catalanismo. Un sociedade vertebrada e unida na defensa dos seus dereitos nacionais aínda que como é lóxico divididos cando se trata da defensa dos intereses de clase ou particulares.

So así pode explicarse porque sendo Catalunya central na economía española [e tamén nos éxitos deportivos ou culturais] sexa a súa vez a parte máis madura para encetar un camiño soberanista.

Sirva este exemplo para debuxar como dúas identidades aparentemente opostas poden converxer mesmo nun momento de gran tensión e tamén para entender que a identidade pode conformarse no político como nacionalismo cívico ou como nacionalismo populista seguindo o esquema do apartado primeiro deste traballo.

O nacionalismo populista identitario basease nas tradicións, é esencialista e parte do concepto romántico de ‘pobo’ nunha construción idealista da nación:

pechado- dogmático
circunferencial- excluente
tacticista- identitario
tradicional-populista

O nacionalismo cívico, basease na cidadanía [no sentido republicano da revolución francesa e de teóricos contractualistas como Locke] como elemento configurador [que obviamente non ten por que coincidir co do estado xeograficamente]. Aposta por propostas vangardistas a hora de abordar a solución de multiplicidade de identidades como o federalismo asimétrico, a co-soberanía nun marco amplo – europeo -:

aberto- científico
circular- integrador
estratéxico- colaborador
proxectista-cívico

Obviamente a construción deste segundo modelo de nacionalismo de identidade cívica, para o século XXI, non presupón renunciar aos elementos de identidade tradicional, necesario no século XIX, pero trasladan eses elementos da tradición a un segundo plano e pásalos polo necesario tamiz crítico- científico.

V. IDENTIDADE NA GLOBALIZACIÓN

Mundialización significa interconexión planetaria entre bens, servizos, transportes,... proceso de interdependencias cada vez máis irreversible. Interdependencia real e sen volta atrás entre estes pobos do planeta.

Pero como acertadamente plantexa o sociólogo **Gilberto Gimenez**, esta interdependencia non é neutra e non se basea na reciprocidade e o equilibrio: é asimétrica, impulsiva e desigualitaria. A globalización é unha fase nun proceso de integración de mercados e de confluencia de capitais iniciados polo mercantilismo no século XV e posteriormente na fase imperialista do capitalismo que describira **Lenin**⁵, ata chegar ao actual sistema mundo, definido por **Wallerstein**⁶.

Na fase imperialista do desenrolo do capitalismo primeiro e da globalización posteriormente o feito nacional -xunto con outros problemas-, tamén se internacionaliza e adquiren un papel universal.

O calor destes procesos xorden múltiples contradicións: contradicións entre as distintas burguesías monopolistas e os seus estados para ver quen hexemóniza o proceso; contradicións dentro das burguesías nacionais dentro dos vellos estados [segundo a súa situación e forza] entre continuar aproveitándose dos mercados dos vellos estados ou dirixir os seus intereses cara ao reparto do novo mercado trans-estatal; contradicións entre os pobos afectados polos procesos de integración e as súas burguesías.

A Unión Europea como proceso de internacionalización e expansión é un proceso de integración e reordenación económico/social, e tamén político, que xera novas contradicións intra/nacionais.

Desaparecido ou debilitado o antigo corse dos estados a loita das nacións sen estado se reaviva. As distintas burguesías nacionais móvense entre seguir aproveitándose do vello estado e entre como non chegar tarde ó novo reparto do pastel, deseñando namentres unha proposta de construción europea de acorde cos seus intereses, construíndo zonas xeográficas de tamaño medio que permitan unha maior planificación económica e un control político racionalizado [Europa das Rexións].

Tratase dun proceso de concentración de capitais e planificación de recursos e man de obra, nada novo como xa vimos dende o xurdimento da fase imperialista do capitalismo, ao que se suma agora un proceso de fusión política e xunto a isto a crise do fenómeno xurdido no ascenso do capitalismo do 'estado-nación' que pasa de ter poderes políticos a ser cada vez máis sectores técnico-burocráticos dunha política decidida en función dos intereses dos oligopolios nun 'Estado Supranacional'.

E así como aparece un novo feito nacional, aparentemente contradictorio coa mundialización económica pero consubstancial coa nova etapa.

Se no imperialismo inicial os movementos de liberación nacional xurdían na periferia do capitalismo sobre o feito colonial dun sistema, o capitalista, que viña importado, este 'novo feito nacional' dáse na periferia do capitalismo desenvolvido en función da crise que se produce na homologación dentro dos 'estado-nación' chamémoslle 'irregulares' ou sen conclusión no seu proceso de cohesión nacional [recordar o exemplo Iugoslavo] o cal produce un fenómeno centrífugo nas nacións que compoñen ese estado.

⁵ LENIN, VLADIMIR ILICH (1916): **El imperialismo, fase superior del capitalismo**; Editorial Progreso, Moscú, 1983.

⁶ WALLERSTEIN, IMMANUEL (2005): **Análisis de Sistemas-mundo. Una introducción**; Siglo XXI; Mexico DF 2005.

Asistimos pois, nestes últimos anos, a distintos procesos de mundialización en grandes áreas xeográficas [impulsados polos diversos Tratados de Libre Comercio] parello o que poderíamos chamar unha 'nacionalización' dos problemas sociais.

Van a ser as nacións as que dean unha vertebración da loita social nunha busca de hexemonía social tal como xa apuntaba **Gramsci**.

Un apunte sobre multiculturalidade

Un dos efectos da globalización é o crecente movemento dos países pobres a países ricos: circulación de emigrantes. Este movemento, forma parte inherente do proceso de globalización que supón o multiculturalismo como globalización de grupos culturais en coexistencia. É un proceso, pois, inherente do proceso de globalización.

Ao longo da historia supuxéronse diferentes modelos nos que dominantes, dominados e circunstancias expuxéronse como organizar as sociedades diversificadas.

Milton M. Gordon⁷ distingue tres modelos principais: modelo de asimilación, modelo de fusión, pluralismo cultural, e dentro deste o multiculturalismo o da interculturalidade [mestizaxe].

Terían a súa visualización no espello [asimilación], no mosaico [pluralismo] e no crisol ou **melting pot** [fusión].

Historicamente son progresivos, pero aínda coexisten.

- Asimilación é a primeira das propostas políticas en propostas multiculturais e presupón a idea de superioridade nos patróns culturais da maioría das sociedades dominantes, que argumentando principios ideolóxicos pensan que están e no dereito de imporse ao resto das culturas. Proposta de unificación cultural. Proponse e supón que os grupos de minorías adoptarán os signos de identidade da cultura dominante e paralelamente abandonarán os propios. Esta 'absorción' presenta máis dificultades cando as bases de diferenciación adoptan trazos visibles como a cor ou a raza.
- O do pluralismo chega como meta á 'convivencia pacífica' entre culturas pero non chegan a mesturarse. É un multiculturalismo superposto pero que mantén bases de prexuízo de uns cara a outros.
- O melting pot é realmente o da fusión, o interculturalidade, a ruptura de prexuízos.

Galicia por ser unha terra de emigrantes non ten un grado de racismo menor que outras cando se encontra cun proceso de convivencia con outras poboacións culturais.

A poboación inmigrantes ten pasando de 21.787 (1%) en 1999 aos 109.222 (4%) no 2010 segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE).

A pesar de terse multiplicado por cinco segue a ser moi inferior a de outras rexións europeas, ademais debemos ter en conta que máis de 41.000 (38%) son intracomunitarios, dos que asemade 21.427 (19,70%) son portugueses.

O problema xurde coas comunidades máis diferentes culturalmente e de aspecto [marroquí ou senegalés, 6000 e 3000 respectivamente]. A convivencia podería situarse, nestes casos, no estadio do pluralismo, convivencia pacífica, aínda que con grandes doses de intolerancia como se ven coas comunidades marroquí de Xinzo de Limia ou Vilaboa, onde a construción dunha Mezquita foi impedida polos veciños e polo concello.

No caso de convivencia con comunidades historicamente xa existentes a situación xa non chega nin a este estadio. Os tópicos e o medo fan que sexa moi difícil acabar cos guetos existentes de raza xitana [como o do Vao en Pontevedra].

Os mecanismos de guetificación funcionan na súa totalidade: núcleo periférico illado por estradas e valados, 'desviación' favorecida polas forzas de seguridade do estado de pequenos trapicheos de droga cara a eses lugares, condicións de vida infrahumanas,...

A posibilidade de reubicar a 3 familias dexenerou nun conflito social onde mesmo puxéronse á cabeza autoridades políticas situadas en condicións normais na esquerda.

⁷ Gordon, M. (1964): Assimilation in american life. The role of race, religion and national origins, Oxford, University Press.

Cando se da un proceso de 'convivencia' como é o caso do barrio de Monteporreiro, construído hai 30 anos con familias con escasos recursos, a convivencia chega ao segundo estadio [pluralidade] pero a proba de que o proceso de fusión non se ten dado é que nunha poboación de 7.600 habitantes, son casos esporádicos, mal vistos e segunda opción⁸ os de unidades familiares mixtos.

⁸ Segundo dos datos departamento de política social do concello de Pontevedra e de Caritas tiñanse contabilizados no ano 2009 un total de 9 de 1750 unidades familiares (0,50%) namentras que os habitantes de etnia xitana son arredor medio centenar (7%).